

*Orde do 23 de marzo de 2005 pola que se publica a convocatoria para a concesión de subvencións a escolas de música públicas.*

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, establece no seu artigo 39.5º que os estudos de música se poderán cursar, sen límite de idade, en escolas específicas. Estes estudos en ningún caso poderán conducir á obtención de títulos con validez académica e profesional.

A Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 11 de marzo de 1993 (*Diario Oficial de Galicia* do 22 de abril) regula a creación e o funcionamento das escolas de música da Comunidade Autónoma de Galicia salientando a especial responsabilidade das corporacións locais nesta materia.

A notable demanda das ensinanzas de música xustifica o crecemento do número de escolas de titularidade pública para achegar á mocidade e afeccionados a posibilidade de cursar estes estudos, tanto para realizar unha actividade de formación artística como para continuar posteriormente estudos regrados de música en conservatorios ou centros autorizados.

Co fin de potenciar o funcionamento destas escolas de música das que son titulares determinados entes públicos, en virtude das atribucións que ten conferidas a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

#### DISPOÑO:

Primeiro.-Facer pública a convocatoria de axudas destinadas a subvencionar o funcionamento, no desenvolvemento das súas actividades docentes, das escolas de música que radiquen na Comunidade Autónoma de Galicia das que sexan titulares entes públicos, dende o 1 de xaneiro de 2005 ata o prazo límite de xustificación de gastos.

Segundo.-Poderán solicitar estas subvencións os titulares das escolas de música sinaladas no punto anterior que contén coa correspondente autorización da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ao final do prazo establecido para a presentación de solicitudes que se dispón no punto catro desta orde.

Terceiro.-O importe total das axudas será de trescentos noventa mil euros (390.000 euros) e librarase con cargo á aplicación orzamentaria 07.04.322E.460.0 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais. Esta contía poderá incrementarse na medida en que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio económico do ano 2005.

En calquera caso a contía máxima da axuda por beneficiario non poderá superar a cantidade de trinta e dous mil euros (32.000 euros).

Cuarto.-As solicitudes, segundo o modelo de instancia e mailo anexo que figura nesta orde, xunto coa documentación xustificativa correspondente, dirixiranse ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e presentaranse no rexistro xeral da consellería, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou nos lugares que sinala o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico

das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), no prazo de corenta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

A solicitude debe ir xunto coa seguinte documentación:

a) Breve memoria descritiva dos obxectivos que se pretenden alcanzar mediante as actividades que se realicen no ano 2005.

b) Fotocopia cotexada da tarxeta de identificación fiscal.

c) Orixinal ou fotocopia cotexada de certificación bancaria a nome do solicitante, na que conste o número de conta na que desexe que se lle ingrese, se é o caso, o importe da axuda.

d) Declaración xurada de ter solicitado, ou non, axuda para a mesma finalidade doutras administracións ou entes públicos.

Quinto.-Na valoración de solicitudes teranse en conta, polo menos, os seguintes aspectos:

1. Número de alumnos/as matriculados/as no curso 2004/2005

2. Número de especialidades instrumentais impartidas

3. Número de profesores/as e tempo de dedicación.

4. Dimensións das instalacións.

5. Volume de orzamento da escola de música.

6. Importe total que o centro percibe do alumnado no curso escolar 2004-2005 pola impartición de clases.

A concesión das subvencións realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva.

Sexto.-A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais poderá requirir do solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para complementar o expediente, e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polos solicitantes.

Calquera alteración que se produza nos datos contidos na documentación que se xunta á solicitude será comunicada polo solicitante á mencionada dirección xeral, para os efectos previstos no punto décimo segundo desta orde.

Sétimo.-Baixo a presidencia da directora xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais ou persoa en quen delegue, constituirase unha comisión encargada de valorar as solicitudes presentadas e que estará integrada por:

-O xefe do Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial.

-O xefe do Servizo de Xestión Económica e Educación de Adultos.

-Un/unha representante da Inspección Central.

-Un/unha asesor/a de ensinanzas artísticas da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

-Un/unha funcionario/a da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que actuará como secretario/a con voz e sen voto.

A comisión poderá solicitar, en todo momento, a asistencia daqueles funcionarios que estime oportuno, que no caso de acudir ás reunións desta farano con voz e sen voto.

Oitavo.-A comisión elaborará unha proposta provisional de adjudicación das axudas que se notificará aos interesados para que estes, no prazo de dez días hábiles, poidan formular as alegacións que consideren oportunas. Valoradas as alegacións, a comisión elevará a proposta definitiva de adjudicación das axudas ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para a resolución que proceda.

Noveno.-A orde de concesión de axudas ditada polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria publicarase no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo de seis meses contados desde a publicación da convocatoria. As solicitudes denegadas serán motivadas.

No suposto de que non recaese resolución expresa dentro do prazo máximo previsto os solicitantes deberán entender desestimadas as súas solicitudes.

A resolución, que esgotará a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro), ou ben os interesados poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE do 14 xullo).

Décimo.-As subvencións estarán condicionadas aos orzamentos dispoñibles e irán destinadas a sufragar os gastos de carácter fixo e recorrente que se especifiquen no anexo.

O pagamento realizarase de conformidade co disposto nos artigos 16 e 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* do 11 de decembro). En todo caso, o beneficiario presentará antes do 15 de outubro de 2005 a xustificación completa.

Para que se poida dar curso aos libramentos, os solicitantes deberán achegar certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control, do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.

Ademais, de acordo co artigo 15.4º do mencionado Decreto 287/2000, do 21 de novembro, no momento da xustificación e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución para a mesma finalidade, das distintas admi-

nistracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

A xustificación deberá facerse sobre a subvención total concedida e, de non facerse pola totalidade, minorarase a subvención en proporción á contía xustificada.

As xustificacións referidas serán dirixidas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

Décimo primeiro.-A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a través dos servizos provinciais de inspección, realizará o seguimento da aplicación das subvencións nas escolas de música beneficiarias, facendo, cando menos, dúas visitas anuais.

Así mesmo, o beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención ou, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, tal como se establece no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (*Diario Oficial de Galicia* do 5 de novembro), polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Décimo terceiro.-Nas comunicacións, publicidade e propaganda das escolas de música que obteñan axuda, deberá figurar o logotipo da Xunta de Galicia, acompañado da seguinte expresión literal «Centro subvencionado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria».

Décimo cuarto.-O beneficiario da axuda deberá proceder ao reintegro das cantidades recibidas e mais os xuros de demora, de conformidade co disposto no artigo 78.10º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e polas causas que nel se citan.

#### *Disposición adicional*

No non previsto nesta orde haberá que aterse ao Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, os artigos 78 e 79 do referido decreto legislativo, modificados pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas de réxime financeiro e administrativo, así como ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se contrapóna.

#### *Disposición derradeira*

Facúltase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2005.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

## ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIONS A ESCOLAS DE MÚSICA PÚBLICAS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED314E</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DA ESCOLA

DENOMINACIÓN			
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

## DATOS DO SOLICITANTE

TITULAR			CIF
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

## Na súa representación:

DON/ DONA			DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

Cofecendo a convocatoria de subvencións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para escolas de música públicas, segundo a orde do \_\_\_\_\_

**SOLICITA**

Subvención por importe total de \_\_\_\_\_ euros (máximo 32.000 €), que aplicará en \_\_\_\_\_

## DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE ACHEGAR

<input type="checkbox"/> MEMORIA DESCRIPTIVA DOS OBXECTIVOS E ACTIVIDADES.	<input type="checkbox"/> ORIXINAL OU FOTOCOPIA COTEXADA DE CERTIFICACIÓN BANCARIA.
<input type="checkbox"/> TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL COTEXADA.	<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA DE TER SOLICITADO, OU NON, AXUDA PARA A MESMA FINALIDADE.

## DECLARACIÓN XURADA:

Declaro baixo xuramento que todos os datos da solicitude así como dos anexos son certos.

LEGISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 23 de marzo de 2005 pola que se publica a convocatoria para a concesión de subvencións a escolas de música públicas.</i> <i>Orde do 11 de marzo de 1993 pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 22 de abril).</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA
_____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		____ / ____ / ____
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		____ / ____ / ____
		DATA DE SAÍDA
		____ / ____ / ____

Conseleiro de Educación e Ordenación Universitaria.  
 Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

ANEXO II

1. ALUMNADO DA ESCOLA DE MÚSICA

NÚMERO DE ALUMNOS/AS MATRICULADOS/AS \*

\* O alumnado contabilizarase unha soa vez con independencia do número de materias que curse

2. ENSEÑANZAS QUE IMPARTE A ESCOLA

ÁMBITO DE ACTUACIÓN

A.- MÚSICA E MOVEMENTO

SI  NON

B.- FORMACIÓN MUSICAL

SI  NON

C.- PRÁCTICA INSTRUMENTAL (RELACIÓN DE ESPECIALIDADES)

- |           |            |            |
|-----------|------------|------------|
| 1.- _____ | 8.- _____  | 15.- _____ |
| 2.- _____ | 9.- _____  | 16.- _____ |
| 3.- _____ | 10.- _____ | 17.- _____ |
| 4.- _____ | 11.- _____ | 18.- _____ |
| 5.- _____ | 12.- _____ | 19.- _____ |
| 6.- _____ | 13.- _____ | 20.- _____ |
| 7.- _____ | 14.- _____ | 21.- _____ |

D.- AGRUPACIÓNS INSTRUMENTAIS OU VOCALIS

- 1.- \_\_\_\_\_
- 2.- \_\_\_\_\_
- 3.- \_\_\_\_\_
- 4.- \_\_\_\_\_
- 5.- \_\_\_\_\_

3. PROFESORADO DA ESCOLA DE MÚSICA

NOME E APELIDOS *	TITULACIÓN	Nº DE HORAS LECTIVAS SEMANAIS

\* Se non ten espazo suficiente utilice páxinas adicionais

## 4. INSTALACIÓNS

DEPENDENCIA *	m <sup>2</sup>	HORAS DE UTILIZACIÓN Á SEMANA
<b>TOTAL m<sup>2</sup> .....</b>		

\* Indíquese segundo corresponde: aulas, sala de profesores, servizos, despachos, cabinas, etc.

## 5. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O PERÍODO SUBVENCIONABLE (EN EUROS)

	CONCEPTO	IMPORTE
<b>A.- DE CARÁCTER FIXO</b>	OBRAS MENORES DE REPARACIÓN _____	_____
	PARA REPARACIÓN E MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO _____	_____
	<b>A.- TOTAL GASTOS DE CARÁCTER FIXO</b>	_____
<b>B.- DE CARÁCTER RECORRENTE (nos que se incorre todos os anos)</b>	DE FUNCIONAMENTO _____	_____
	DE PERSOAL DOCENTE _____ NON DOCENTE _____	_____
	<b>B.- TOTAL GASTOS DE CARÁCTER RECORRENTE</b>	_____
	<b>TOTAL (A+B)</b>	_____ €

## 6. IMPORTE TOTAL QUE O CENTRO PERCIPE DO ALUMNADO NO CURSO 2004-2005 POLA IMPARTICIÓ N DE CLASES

IMPORTE TOTAL QUE PERCIPE DO ALUMNADO	TOTAL
	_____ €

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

*Corrección de erros.-Orde do 16 de marzo de 2005 pola que se aproban as bases que rexerán as convocatorias de axudas para a contratación de doutores en organismos públicos de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia (programa Isidro Parga Pondal).*

Advertidos erros na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 59, do martes día 29 de marzo de 2005, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 5.159, na columna de CENTRO DE TRABAJO correspondente á praza P-039, onde di: «FACULDADE DE BIOLOXÍA», debe dicir: «FACULDADE DE BIOLOXÍA (VIGO) e E.U.E.T. FORESTAIS (PONTEVEDRA)». Na columna de LOCALIDADE onde di: «PONTEVEDRA», debe dicir: «VIGO/PONTEVEDRA».

Na columna de PERFIL onde di: «ECOLOXÍA», debe dicir: «ECOLOXÍA (VIGO)»; e onde di: «ECOLOXÍA EVOLUTIVA E DA CONSERVACIÓN DE INSECTOS E HERPETOS», debe dicir: «ECOLOXÍA EVOLUTIVA E DA CONSERVACIÓN DE INSECTOS E HERPETOS (PONTEVEDRA)».

*Corrección de erros.-Resolución do 3 de agosto de 2004 pola que se adxudican as axudas correspondentes ao Programa de Sociedade da Información convocadas no anexo XIII da Orde do 29 de decembro de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 12 de xaneiro de 2004).*

Advertido erro na devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 155, do mércores, día 11 de agosto de 2004, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 11.539 onde di:

Solicitante	Código	Aplicación orzamentaria	Título	Duración	Ano 2004	Ano 2005	Ano 2006	Ano 2007	Total concedido	Persoal
Facio Villanueva, Ángel	PGIDIT04SIN915004PR	08.05.432A.781.0	Elaboración dun mapa de procesos e un manual de procedemento para a admisión de pacientes nos hospitais públicos do Sergas, baseados en ISO 9001:2000	3	15.000	9.773	6.000	8.827	39.600	Si

Debe dicir:

Solicitante	Código	Aplicación orzamentaria	Título	Duración	Ano 2004	Ano 2005	Ano 2006	Ano 2007	Total concedido	Persoal
Facio Villanueva, Ángel	PGIDIT04SIN915004PR	08.05.432A.781.0	Elaboración dun mapa de procesos e un manual de procedemento para a admisión de pacientes nos hospitais públicos do Sergas, baseados en ISO 9001:2000	3	15.000	9.000	8.000	7.600	39.600	Si

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Resolución do 31 de marzo de 2005, da Dirección Xeral de Saúde Pública, pola que se fai pública a celebración dun curso homologado de nivel básico para a obtención do carné de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria (tratamentos DDD).*

A Orde do 30 de xullo de 1997, conxunta das consellerías de Agricultura, Gandería e Montes e de Sanidade e Servizos Sociais, pola que se establece na Comunidade Autónoma de Galicia, a normativa reguladora para a homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, así como, para a obtención do carné de manipuladores destes produtos, establece no seu artigo 8.6º que os ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo lles comunicarán aos organismos responsables na comunidade autónoma a homologación dos ditos cursos e no seu artigo 9 a obrigatoriedade de que o organismo oficial responsable publique no *Diario Oficial de Galicia* a información correspondente a cada curso que se realice.

En consecuencia, anúnciase a realización dun curso de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria, nivel básico, homologado polas direccións xerais de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade e Consumo e de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, solicitados pola *Asociación Nacional de Empresas de Control de Plagas* (Anecpla), de acordo coas seguintes bases:

1. Denominación do curso.

Curso para a capacitación de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria, nivel básico.

2. Entidade organizadora.

Anecpla (*Asociación Nacional de Empresas de Control de Plagas*).

3. Data.

Do 25 ao 29 de abril de 2005.

4. Lugar de celebración.

Feuga. Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n. Campus Universitario Sur. 15705 Santiago de Compostela.

5. Número de prazas.

Máximo 25 alumnos.